

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS LIBRES DE FORMACIÓN PROFESIONAL NO CIFP POLITÉCNICO DE LUGO

Co obxectivo de garantir o correcto desenvolvemento das probas libres a realizar no CIFP Politécnico de Lugo no curso 2025-2026, establécense as seguintes normas de obrigado cumprimento para todas as persoas inscritas:

1. Acceso ás probas

- As probas realizaranse nas datas, horarios e espazos publicados previamente a través dos medios oficiais do centro.
- Ao inicio da proba, os candidatos serán chamados por orde de lista. Unha vez concluído o primeiro chamamento, realizarase un segundo para aqueles que non estivesen presentes no primeiro. Os candidatos que tras a segunda chamada non estivesen presentes, perderán o dereito a participar no proceso, salvo causa debidamente xustificada con documentación oficial.

2. Identificación obrigatoria

- Será obrigatorio presentar un documento oficial de identidade en vigor (DNI, NIE ou pasaporte) para poder acceder á aula de exame.
- Non se permitirá realizar a proba a quen non acredite debidamente a súa identidade.
- O alumnado deberá asinar a súa asistencia cando sexa requirida polo profesorado

3. Causas de exclusión do procedemento

A normativa vixente establece que:

Os centros realizarán a **baixa de oficio** da matrícula da proba **cando unha persoa matriculada non asista inxustificadamente á xornada de acollemento ou a calquera das partes en que se organiza a proba de cada módulo** profesional no que se matriculou o/a aspirante.

4. Xustificación de faltas para a non exclusión por ausencia á xornada de acollemento ou a algunha das probas de cada módulo

O prazo para xustificar a inasistencia á xornada de acollemento ou a calquera das probas é de 24 horas, e, **sempre, antes** da celebración da seguinte proba á que se presente o/a candidato/a.

A entrega do xustificante realizarase na Secretaría do centro, en formato físico, onde se lle entregará a o candidato un xustificante de dita entrega.

Será a comisión avaliadora a que determinará a validez da documentación presentada, para a xustificación da ausencia.

IMPORTANTE: Aínda que a ausencia estea xustificada correctamente, as probas non se repetirán nin se reprogramarán baixo ningún concepto.

5. Publicación das cualificacións

- As cualificacións das probas correspondentes a primeira parte publicaranse o día 12 de xuño de 2026 partir das 15.00 horas nos taboleiros oficiais e na páxina web do centro.
- As da segunda parte e final publicaranse polas mesmas canles a partir do día 23 de xuño de 2026.
- Para protexer a identidade do alumnado e que cada un poida consultar as súas cualificacións dun xeito seguro e confidencial, as notas publicaranse con só os 4 últimos díxitos do documento oficial de identidade e a última letra.
- De acordo coa normativa vixente as persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas en cada módulo no centro en que se realizaron as probas, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da Orde do 12 de xullo de 2011.